



C O N C E L L O  
D E  
36670 CUNTIS  
(PONTEVEDRA)

Praza da Constitución  
Teléfono 986 54 80 05

**BASES PARA SELECCIÓN MEDIANTE CONCURSO-OPOSICIÓN DE TRES CONDUCTORES DE MOTOBOMBA E MEDIANTE CONCURSO DE 4 PEONS E UN CAPATAZ PARA PRESTACION DO SERVIZO DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS EN RÉXIME DE CONTRATO LABORAL TEMPORAL.**

**PRIMEIRA.-** OBXETO: A provisión de oito postos de persoal laboral temporal, ao amparo do disposto no Convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Rural e o Concello de Cuntis para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais durante os anos 2016, 2017 e 2018” asinado entre ambas entidades.

Os postos de traballo que se ofertan son, 3 condutores de motobomba, 3 peóns 1 peón condutor e 1 xefe de brigada todos a xornada completa por un período de 3 meses

O persoal contratado estará suxeito durante a súa relación laboral á normativa sobre incompatibilidades prevista para a función pública (Lei 53/1984, do 25 de decembro); realizándose un contrato baixo a modalidade de : “Contrato por obra o servizo determinado de interese social ”, regulado no artigo 15.1.a del Estatuto de los Traballadores.

A retribución mensual bruta de cada contrato é de 1.004,36 € para os/as condutores/as da motobomba e para o/a capataz, de 891,92€ para o peón condutor e de 818,78€ para os peons.

**SEGUNDA.-** As obras e servizos a realizar son as que figuran no convenio asinado entre a Consellería e o Concello, e basicamente consisten en labores relacionados coa prevención e defensa de incendios , este persoal traballara en quendas fixadas pola Consellería e terá plena dispoñibilidade, incluso domingos e festivos locais.

O período previsto no que se realizaran irá dende o 29 de xullo ata o 28 de outubro de 2016.

**TERCEIRA.-** Para tomar parte na selección, os/as aspirantes deberán cumprir os seguintes requisitos, referidos todos e cada un deles tanto a data de selección como no da formalización do contrato de traballo e que estean debidamente xustificadas:

- a) Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 da Lei 7/2007, de 12 de abril, Estatuto Básico do Empregado Público.
- b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas.
- c) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, se é o caso, da idade máxima de xubilación forzosa. Só por lei poderá establecerse outra idade máxima, distinta da idade de xubilación forzosa, para o acceso ao emprego público.
- d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin se achar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do

persoal laboral, no que tivese sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non se achar inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

- e) Para o/ xefe/a de brigada será necesaria contar con algunha das seguintes titulacións: Enxeñeiro de montes, enxeñeiro técnico forestal, técnico superior en xestión e organización de recursos naturais e paisaxísticos, técnico en traballos forestais e conservación do medio natural ou formación profesional equivalente, tamén será necesario contar co carné de conducir tipo B
- f) Para os condutores de motobomba estar en posesión do carné tipo C. e para o peón condutor o carné tipo B

#### **CUARTA.- PROCEDEMENTO:**

1.- Solicitaranse a oficina de emprego correspondente persoas demandantes de emprego que cumpran cos requisitos esixidos para cada praza. Todas as persoas que acudan a selección deberán de aportar un certificado médico conforme non padecen enfermidade ou discapacidade que lle impida realizar os traballos previstos.

Entenderase iniciado o proceso de selección cando a oficina de emprego remita os listados coas persoas preseleccionadas para cada posto de traballo, estes rexistraranse no Concello e entenderase por feita a solicitude para participar no proceso de selección. As persoas interesadas poderán consultar as presentes bases dende ese momento, que estarán expostas no taboleiro de anuncios do Concello de Cuntis e na paxina WEB do Concello.

##### **1ºFASE**

Realizarase unha proba física que consistirá nun proba de esforzo que deberán de superar todos/as os/as aspirantes para poder pasar a segunda fase do concurso, esta proba será realizada por empresa especializada. A valoración desta proba será a cualificación de apto/a ou non apto/a

##### **2º FASE**

Só pasaran á segunda fase aqueles candidatos/as que obtivesen a calificación de apto/a no apartado anterior, e consistirá na valoración de méritos e circunstancias persoais aportados polos aspirantes ás diferentes prazas, que son os seguintes:

- a) Por cursos de especialización: Puntuación máxima 3 puntos.  
Cursos ou seminarios relacionados coas funcións a desempeñar. Por cada 10 horas 0,1 puntos.

No suposto de que non exista constancia da duración dos cursos ou xornadas, os mesmos non se valorarán. Será necesaria documentación acreditativa do contido dos cursos, cando este non se deducise da propia denominación dos cursos. Non se puntuarán aqueles cursos nos que soamente un número mínimo de horas que compoñen o curso estea relacionado co posto ó que se pretende optar

- b) Por tempo de permanencia en desemprego. Computarase o tempo en desemprego dende o último traballo realizado. Puntuación máxima 3 puntos. Por cada mes acreditados como desempregado/a 0,1 puntos

- c) Para os postos de condutores da motobomba, a maiores dos apartados anteriores, realizarase unha proba práctica no manexo deste vehículo. Esta proba valorarase entre 0 e 4 puntos.

Unha vez valoradas as probas e as circunstancias persoais proporanse aos candidatos/as para cada posto de traballo en función das puntuacións obtidas. O resultado comunicáraselle persoalmente as persoas seleccionadas e o resto poderá consultar os listados coas puntuacións no taboleiro de anuncios do Concello.

No caso de empate, terase en conta por orde de prelación:

1. Quen leve mais tempo en situación de desemprego.



C O N C E L L O  
D E  
36670 CUNTIS  
(PONTEVEDRA)

Praza da Constitución  
Teléfono 986 54 80 05

Si aínda así se mantén o empate, realizarase unha entrevista persoal ás persoas candidatas, na que o tribunal poderá formularlles preguntas relacionadas cos méritos alegados, tarefas a desenvolver no posto de traballo e calquera outras que contribúan ao coñecemento por parte do Tribunal da aptitude, grao de formación etc do/a aspirante.

**SEXTA.-** O Tribunal, que terá como funcións a avaliación dos méritos aportados polos aspirantes e a realización da entrevista proporá á Presidencia o/a aspirante máis idóneo para a súa selección, e estará integrado polas seguintes persoas:

Presidente/a: A/o Secretaria/o do Concello de Cuntis. Ou persoal en quen delegue.

Secretario/a: Un funcionario da Corporación ou persoal laboral que actuará con voz e voto.

Vocais:

Un técnico do Concello.

O axente de emprego e desenvolvemento local.

O encargado de obras do Concello.

O Tribunal non poderá actuar ou constituírse sen a presenza como mínimo de tres dos seus membros con dereito a voto, titulares ou suplentes indistintamente, sendo imprescindible a presenza do presidente e a/o Secretaria/o.

O Tribunal actuará con suxeición ás bases de convocatoria, quedando facultado para resolver cantas cuestións se susciten na súa interpretación. Tamén decidirá sobre como proceder nos casos non previstos nas presentes bases.

**SETIMA.-** Os candidatos que obteñan máis puntuación, na suma dos apartados anteriores, serán os que ocupen os postos de traballo convocados. Crearase un sistema de reserva en función das puntuacións para cubrir as posibles baixas nos contratos obxecto de esta convocatoria.

**OITAVA:** Os candidatos seleccionados deberán incorporarse ao posto de traballo nun prazo de catro días hábiles dende a data na que se lles notifique o resultado.

Cuntis, 30 de xuño de 2016.

O Axente de Desenvolvemento Local,

José Antonio Sánchez Estévez